



Concello de FRADES

Cimadevila 10

15606 - FRADES (A Comuña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 09 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraidesdiaruro.es

SESION PLENARIA SESION PLENARIA ORDINARIA DIA VENRES 13 DE NOVIEMBRE DE 2020

No MULTIUSOS DO CONCELLO DE FRADES, cando son as 14:00 horas do día venres 13 de novembro de 2020, a fin de celebrar Sesión ordinaria convocada previamente para este día, reúnen os seguintes concelleiros:

Don Roberto Rey Martínez, D^a. María Ángeles Álvarez Carro, D. Jesús Miguel Prado Cea, D. Óscar Botana Rúa, D. Manuel Ferreiro Marzoa, D. Juan Carlos Portos Bra, D. Enrique Astray Otero, D^a. José Luís Pereira Bao, D^a Aurelio Garea Portos, D. Manuel Míguez Villaverde, baixo a Presidencia de D. Roberto Rey Martínez como Alcalde- Presidente, e coa asistencia da Secretaria accidental do Concello Nieves Mandayo Vázquez.

ORDE DO DÍA.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Coñecida polos/as asistentes, a través de correo electrónico, a acta da sesión extraordinaria do Pleno celebrada o día 18 de setembro de 2020.

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que o Pleno, por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión extraordinaria do Pleno celebrada o día 18 de setembro de 2020.

2.- DACIÓN EN CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA.-

Dáse conta dos decretos da Alcaldía, do exercicio 2020 (dende a data de convocatoria do último Pleno ata a convocatoria do presente) que foran remitidos por correo electrónico aos concelleiros xunto coa convocatoria deste Pleno.

3.- ASUNTO: DACIÓN EN CONTA DA LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2019.



Concello de FRADES

Ciudadela, 10

15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 09 56 63 Fax: 981 - 69 55 70

E-Mail: correo@judicidafraides.es

Dáse lectura ao informe da liquidación 2019 da Secretaria-Interventora Dona Carmen Gómez Otero.

Dáse conta pola Alcaldía da liquidación de 2019 segundo o informe que a continuación se transcribe:

Logo de ver o expediente de liquidación correspondente ao exercicio 2019, informado pola Intervención municipal e composto por:

- ❖ Liquidación do Orzamento de Gastos, que contén:
 1. Os créditos iniciais, as súas modificacións e os créditos definitivos.
 2. Os gastos comprometidos, con indicación da porcentaxe de execución sobre os créditos definitivos.
 3. As obrigacións recoñecidas, netas, con indicación da porcentaxe de execución sobre os créditos definitivos.
 4. Os pagos realizados, con indicación da porcentaxe de execución sobre as obrigacións recoñecidas netas.
 5. As obrigacións pendentes de pago a 31 de decembro de 2019.
 6. Os remanentes de crédito.

- ❖ Liquidación do Orzamento de Ingresos, que contén:
 1. As previsións iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas.
 2. Os dereitos recoñecidos.
 3. Os dereitos anulados.
 4. Os dereitos cancelados.
 5. Os dereitos recoñecidos netos, con indicación da porcentaxe de execución sobre as previsións definitivas.
 6. A recadación neta, con indicación da porcentaxe de execución sobre os dereitos recoñecidos netos.
 7. Os dereitos pendentes de cobro a 31 de decembro de 2019.
 8. A comparación dos dereitos recoñecidos netos e as previsións definitivas.

- ❖ Resultado Orzamentario

A liquidación do Orzamento de gastos e a liquidación do Orzamento de ingresos presentaranse co nivel de desagregación do Orzamento aprobado e das súas modificacións posteriores.

Como consecuencia da liquidación do Orzamento determinanse:

- 1.- Os dereitos pendentes de cobro e as obrigacións pendentes de pago a 31 de decembro (artigo 94 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).
- 2.- O resultado orzamentario do exercicio (artigos 96 e 97 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).
- 3.- Os remanentes de crédito (artigos 98 a 100 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).
- 4.- O remanente de Tesourería (artigos 101 a 105 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

Logo de ver o informe de intervención sobre a Liquidación correspondente ao exercicio 2019 e Estabilidade Orzamentaria que constan no expediente.



Concello de FRADES

Cidadevella, 10

15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfono 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax 981 - 69 55 79

E-Mail correo@judesdofraides.es

De conformidade co establecido no artigo 191 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e no artigo 90 do Real Decreto 500/90 do 20 de abril, **RESOLVO**:

PRIMEIRO: Aprobar a liquidación do Orzamento do Concello de Fraides do exercicio 2019, segundo o seguinte detalle:

1.- REMANENTE DE TESOURERÍA:

| ESTADO DEL REMANENTE DE TESOURERÍA | | EJERCICIO 2019 | |
|------------------------------------|--|----------------|----------------------|
| CUENTAS | COMPONENTES | IMPORTE AÑO | IMPORTE AÑO ANTERIOR |
| 11.238 | 1. Fondos propios | 201.200,71 | 202.914,34 |
| | 2. Deudas pendientes de cubrir | 102.773,00 | 131.809,49 |
| 430 | + de) Préstamos bancarios | 25.369,38 | |
| 431 | + de) Préstamos corporativos | 1.017.708,70 | 102.773,00 |
| 267.238.278.275.416.412 | + de) Operaciones negociadas | 15.225,98 | 8.000,00 |
| 440-408-479-471-472-537 | | | |
| 538-550-560-568 | | | |
| | 3. Obligaciones pendientes de pago | 121.040,00 | 70.200,12 |
| 480 | + de) Préstamos bancarios | 81.114,75 | 30.200,12 |
| 487 | + de) Préstamos corporativos | 396,77 | 1.040,70 |
| 488.100.100.108-110-111 | + de) Operaciones negociadas | 39.229,21 | 38.959,17 |
| 412-483-488-478-118-477 | | | |
| 482.515.519.521-530-546 | | | |
| 581 | | | |
| 154-330 | 4. Fondos pendientes de aplicación | | |
| 463.5391.1200 | + de) Fondos realizados pendientes de aplicación ordinarios | | |
| | + de) Operaciones realizadas pendientes de aplicación ordinarias | | |
| | 5. Reservas de liquidez (1 + 2 + 3 + 4) | 201.200,71 | 211.424,08 |
| 298-1.298-1.299-1.300-10 | 6. Saldo de última cuenta | 102.773,00 | 102.773,00 |
| 58.4901-4902-4903-5891 | | | |
| 3062-3061-3062 | | | |
| | El Grupo de Transferencias | 700,00 | 25.000,00 |
| | El Remanente de tesorería para gastos garantidos (1 - 3 - 5) | 102.027,71 | 122.204,47 |

2.- RESULTADO ORZAMENTARIO:

| EL RESULTADO PRESUPUESTARIO | | EJERCICIO 2019 | |
|--|---------------------------|-------------------|--------------------------|
| CONCEPTOS | IMPORTE RECONOCIDOS NETOS | RECONOCIDAS NETAS | RESULTADO PRESUPUESTARIO |
| a) Operaciones corrientes | 1.700.000,00 | 1.500.000,00 | 200.000,00 |
| b) Operaciones de capital | 495.201,70 | 500.419,35 | -272.186,17 |
| 1. Total operaciones de financiación (a+b) | 2.195.201,70 | 2.000.419,35 | 16.813,83 |
| 1) Ayudas financieras | | | |
| 2) Préstamos financieros | | | |
| 2. Total operaciones de inversión (a+b) | | | |
| 1) INGRESA (ADQ PRESUPUESTARIO DEL EJERCICIO) (1+1+2) | 2.195.201,70 | 2.000.419,35 | -16.813,83 |
| ANEXOS | | | |
| 3. Créditos garantidos financiados con remanente de tesorería para gastos garantidos | | | 58.430,50 |
| 4. Devoluciones de transferencias reguladas de gestión | | | 230.000,00 |
| 5. Devoluciones de transferencias pendientes de gestión | | | 120.000,00 |
| 6 TOTAL ANEXOS (3+4+5) | | | 408.430,50 |
| RESULTADO PRESUPUESTARIO AJUSTADO (1+6) | | | 16.813,83 |



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 09 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@pudexcharuno.es

3.- CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA NO EXERCICIO 2019:

Capacidade/Necesidad Financiación de la Corporación Local

3.584,91

4.- CUMPRIMENTO DO AFORRO NETO E LÍMITE DE DÉBEDA:

AFORRO NETO POSITIVO: 263.629,08 euros.

VOLUME ENDEBEDAMENTO: 0%

5.- INCUMPRIMENTO DA REGRA DO GASTO:

A variación do gasto computable é do 6,17 %, maior á taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española, situada no 2,7% para o exercicio 2019.

Así as cousas, esta entidade non cumpre o obxectivo da Regra do Gasto, entendido como a situación na que a variación do gasto computable non supera a taxa de referencia de crecemento do PIB correspondente a este exercicio. A consecuencia do incumprimento sería a elaboración dun PEF 2020-2021.

Porén, por acordo do Consello de Ministros de data 6 de outubro de 2020, acordouse suspender as regras fiscais para os anos 2020 e 2021, sinalando a Ministra de Facenda que "quedará anulada a senda de estabilidade actualmente vixente e non se aprobarán novas obxectivos de estabilidade que acompañen ao feito de gasto", debido ao escenario excepcional causado pola pandemia.

Esta decisión implica que a senda de déficit e débeda coñecida este martes non sexa vinculante, senón que se tome como taxa de referencia, pola situación inédita creada coa crise sanitaria, do COVID-19, e, para dotar de maior marxo financeiro a comunidades autónomas e concellos, non fixa obxectivos de estabilidade, solo déficits de referencia orientativos, suspendéndose as regras fiscais para os anos 2020 e 2021.

Esta Alcaldía acorda a non realización dun PEF 2020-2021 polos motivos anteriormente citados e explicados no Informe de Intervención.

SEGUNDO: De conformidade co previsto no artigo 193.4 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, dese conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre, remitíndose información correspondente ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e Comunidade Autónoma.

Polo portavoz do grupo do PSOE pregúntase polas partidas relativas a créditos de dubidoso cobro. Polo Alcalde respondese que se refire a subvencións solicitadas pero inda non concedidas e que se prevé que se concedan e impagos acumulados.

O Pleno dáse por enterado da liquidación de 2019.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15606 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: concello@fradesdearun.es

4.- ASUNTO: APROBACIÓN DO SUPLEMENTO DE CRÉDITO EXPEDIENTE SUPLE 2020-SUPLE-00.

Infórmase polo Concelleiro de Facenda a necesidade de levar a cabo un suplemento de crédito segundo se contén no expediente SUPLE 2020-SUPLE-00.

Rematada a explicación o voceiro do PSOE pregunta pola baixa a asistencias a familias. Polo Concelleiro de Facenda infórmase que a devandita partida vincúlase aos obradoiros de emprego e non se reduce as partidas vinculadas as familias, que o que se reduce e a parte vinculada ao obradoiro de emprego que se esperaba que comenzase no mes de setembro.

Pregúntase polos voceiros do PSOE e do BNG se se tratará de favorecer a empresas locais nas obra do POS e demais obras relacionados co mantemento de pistas, a fin de favorecer ao veciños de Frades. Polo Concelleiro respóndese que non se poden beneficiar a empresas por ubicación xa que resultaría discriminatorio e contraviría o previsto na LCSP, que se aplicarán os criterios fixados pola Deputación e pola normativa de contratos, na procura da oferta economicamente máis vantaxosa sen esquecer a calidade da obra ou servizo contratado.

Votacións:

Votos a favor: 6

6 PP

Votos en contra: 0

Abstencións: 4

3 PSOE

1BNG

Resultado: Maioría

Estado Proposta: Aprobada

5.- ASUNTO: APROBACIÓN DE SOLICITUDE DE PRÉSTAMO PARA PROXECTO DE “CONSTRUCCIÓN DE CENTRO SOCIAL DE FRADES”.

Procédese polo Alcalde a lectura da proposta de Alcaldía que a continuación se transcribe:

“Con motivo da execución do proxecto denominado “Centro Social do Concello de Frades” enténdese necesaria a solicitude concertación dunha operación de crédito a longo prazo, 10 anos, por importe de 150.000 euros, de conformidade con previsto nos artigos 48 a 55 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

3686 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correio@fradesdiamina.es

Esta necesidade ven motivada por dúas razóns. A primeira delas é intentar levar a cabo unha política ambiciosa e que trate de dar resposta as necesidades dos veciños de Frades, de tal forma que nestes tempos difíciles se leven a cabo investimentos que tendan a reactivar a economía e que a súa vez redunden no interese dos veciños. Deste modo, enténdese que é o momento adecuado para levar a cabo a construción dun Centro Social no núcleo de Pontecarreira que se destinará a actividades de promoción da autonomía persoal e prevención da dependencia. Esta actuación atópase subvencionada polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar na contía de 200.000 euros con motivo do Convenio suscrito, o que supón un aforro para o Concello do 57% do presuposto, ao marxe das baixas realizadas polos licitadores, atopándonos por tanto ante una oportunidade que debemos aproveitar.

Asimesmo, a referida actuación non debe analizarse de maneira illada, xa que atopámonos ante a oportunidade de seguir a diante coa renovación dos puntos de luz do Concello de Frades a través da execución do proxecto denominado "Actuacións de aforro enerxético no Concello de Frades" a fin acadar os seguintes obxectivos:

- *Minoración do gasto enerxético: emprego de tecnoloxías máis eficientes, redución da potencia instalada, axuste de horarios de aceso, implementación de sistemas de regulación de consumo en horario de madrugada.*
- *Minoración do gasto de mantemento mediante o aumento da vida útil das luminarias.*
- *Mellora das condicións de confort visual mediante o axuste dos parámetros de iluminación a cada tipo de vial.*
- *Adecuación das instalacións aos novos regulamentos vixentes, diminuindo a contaminación lumínica e as emisións de CO₂.*

Esta actuación está parcialmente subvencionado polo IDAE (80%), ao amparo do previsto no Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, polo que implica a que o Concello deberá asumir un 20% do coste total.

O anteriormente exposto condúcenos directamente a segunda das razóns que nos obrigan a levar a cabo esta operación crediticia, que non é outra que a necesidade de disposición de fondos para levar a cabo estas actuacións. Esta necesidade ven motivada polo importe das operacións que



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15606 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: concello@pudex.diaorun.es

se pretenden levar a cabo e pola falta de liquidez temporal do Concello para realizar a súa contratación, de conformidade co esixido pola normativa de aplicación e a Intervención municipal.

Sinalar que un dos motivos desta falta de liquidez, que non é real respecto ao conxunto do Concello senón que é froito de levar a cabo estas dúas actuacións, e derivada de que inda non se procedeu ao abono da subvención relativa ao IDAE executado na anterior anualidade. Se ben a subvención se atopa xustificada, o órgano competente inda non procedeu ao abono da parte correspondente, tendo adiantado o Concello o importe total da obra. Esta situación non é exclusiva do Concello de Frades xa que a esta Alcaldía cónstalle que o resto de Concellos limítrofes atópase na mesma situación, é dicir, inda non obtiveron os fondos relativos ao IDAE xa executado e xustificado.

Por mor do anteriormente exposto solicitouse informe a Interventora Municipal sobre a concertación da operación crediticia que se pretende levar a cabo, o cal se atopa no expediente e tiveron coñecemento do mesmo tódolos membros do Pleno con carácter previo a celebración da presente sesión, concluíndo que dita concertación deberá cumprir a regularidade procedimental establecida en canto á determinación do órgano competente para a súa aprobación, e respecto dos requisitos de orzamento, liquidación, volume de débeda e prudencia financeira fixados na normativa.

Así, o Presidente da Corporación pode concertar as operacións a longo prazo previstas no Orzamento, cuxo importe acumulado, dentro de cada exercicio económico, non supere o 10 % dos recursos de carácter ordinario previstos en devandito Orzamento. Una vez superados ditos límites a competencia corresponderá ao Pleno. Neste caso, a concertación da citada operación, ao non estar prevista nos Orzamentos do exercicio 2020, é de competencia do Pleno da Corporación, inda que non supere o 10% dos recursos ordinarios.

A fin de resumir o contido do mesmo, sinalar que no informe da Interventora municipal consta que se cumpre o requisito previsto no artigo 50 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que esixe que para a concertación de calquera das modalidades de crédito previstas nesta lei, requirirase que a corporación ou entidade correspondente dispoña do orzamento aprobado para o exercicio en curso. A este respecto, esta entidade conta con orzamento aprobado para este exercicio en curso: Orzamento do exercicio 2020.

Informase tamén que será de aplicación á formalización de novas operacións de crédito a longo prazo, para o financiamento de investimento, o límites respecto do signo do aforro neto da liquidación do exercicio anterior e o volume de débeda viva establecidos na Disposición Final 31ª da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, con vixencia indefinida.



Concello de FRADES

Ciudadela, 10

15086 - FRAIDES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 09 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraides.diamma.es

Conclúese pola intervención que tendo en conta esta operación, o volume de débeda viva sobre os ingresos correntes liquidados consolidados do exercicio 2019 tras os cálculos efectuados é de 19,82%, porcentaxe menor do 75%, polo que determinábase a non necesidade de autorización correspondente ao órgano de tutela financeira desta entidade

A maior abundamento en virtude do artigo 48 bis do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, todas as operacións financeiras que subscriban as Entidades Locais están suxeitas ao principio de prudencia financeira.

Así as cousas, solicítouse tamén informe a Intervención en relación co principio de prudencia financeira, o cal tamén consta no expediente. Deste modo, as Entidades Financeiras que presenten as súas propostas, deberán ter en conta as condicións que fixe o Pleno da Corporación que poden ser as seguintes:

| Tipo de Referencia | Liq. Intereses | A =C.F.E Diferenci al Máximo | B = Incremento Diferencial por oper./entidade | Custo Total Máximo = EUR M+«A»+ «B» |
|--|-----------------------|---|--|--|
| Fixo | (Anual/Trim/Mens) | 0,21 | 0,75 | |
| EUR 12M | Anual | 0,37 | 0,75 | EUR 12M + 0,96 |
| EUR 6M | Semestral | 0,45 | 0,75 | EUR 6M + 1,2 |
| EUR 3M | Trimestral | 0,49 | 0,75 | EUR 3M+ 1,24 |
| EUR 1M | Mensual | 0,52 | 0,75 | EUR 1M+ 1,27 |
| Outras condiciones | | | | |
| Comisións de non dispoñibilidade | | (máximo 0,1% anual) | | |
| Comisións de axencia (para operacións sindicadas) | | (máximo 50.000 euros anuais) | | |
| Intereses de demora | | (Interese da operación + 2% anual máximo) | | |
| Outras comisións | | Deberán estar incluídas dentro do Custo Total Máximo da operación | | |



Concello de FRADES

Cunha, 10
15100 - FRADES (A Cunha)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 70
E-Mail: correo@fraideshamusa.es

O Custo Total Máximo (CTM) da operación de endebedamento, incluíndo as comisións e outros gastos non poderá superar o custo de financiamento do Estado (CFE) que conste no Anexo publicado mensualmente mediante Resolución por parte da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira (para a emisión deste informe se tivo en conta o Anexo publicado COA resolución de 2 de outubro da Secretaría Xeral do Tesouro, o 6 de outubro de 2020 no BOE) ao prazo medio da operación (10 anos), incrementado en 75 puntos básicos ao non está ao corrente das obrigacións de información e subministración de información económico-financieira recollidas na Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por non ter a Liquidación enviada en prazo.

En conclusión, analizados os criterios legalmente establecidos, e segundo os datos calculados por esta Intervención, obsérvase, que a entidade local non cumpre as condicións de elixibilidade que se requiren para que a operación a formalizar por esta Entidade Local, quede cuberta polo Fondo de Financiamento, polo que é aplicable o 0,75 relativo ao incremento diferencial por operación/entidade.

En base ao anteriormente exposto, **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:**

PRIMEIRO.- Aprobar a concertación dunha operación crediticia a longo prazo, concretamente por 10 anos, por importe de 150.000 euros.

SEGUNDO.- Aprobar as seguintes condicións conforme as cales se solicitará proposta as distintas Entidades Financeiras.

| Tipo de Referencia | Liq. Intereses | A = C.F.E Diferencial Máximo | B Incremento Diferencial por oper./entidade | = | Custo Total Máximo = EUR M+«A»+«B» |
|---------------------------|-----------------------|-------------------------------------|--|----------|---|
| EUR 6M | Semestral | 0,45 | 0,75 | | EUR 6M + 1,2 |

| Outras condicións | |
|--|---|
| Comisións de non dispoñibilidade | (máximo 0,1% anual) |
| Comisións de axencia (para operacións sindicadas) | (máximo 50.000 euros anuais) |
| Intereses de demora | (Interese da operación + 2% anual máximo) |



Concello de FRADES

Cimatevila, 10

15606 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: concello@judes.fraides.es

| | |
|-------------------------|--|
| Outras comisións | Deberán estar incluídas dentro do Custo Total Máximo da operación |
|-------------------------|--|

TERCEIRO.- *Que se proceda a contratar a referida operación crediticia de conformidade coas condicións previstas, remitindo invitacións as distintas entidades financeiras.*”

Lida a proposta polo grupo do PSOE pregúntase se a obra en cuestión sairá a concurso público, que criterios se priorizarán e cando se producirá a súa entrega. Polo Alcalde respondéselle que sairá a concurso público a través da Plataforma de Contratos do Estado e que os criterios estarán baseados nos da Deputación da Coruña e os sinalados polos técnicos buscando sempre a calidade da obra, non unicamente o aspecto económico. En canto a entrega da mesma non se pode falar de prazos xa que inda non foi obxecto de licitación pero que se prevé e se espera que sexa no 2021.

Infórmase polos servizo xurídicos do Concello sobre posibles criterios de adxudicación e da normativa de contratación aplicable ao procedemento, incidindo que neste intre non se está aprobando o expediente, de contratación que simplemente a solicitude de préstamo.

Votacións:

Votos a favor: 6

6 PP

Votos en contra: 1

1 BNG

Abstencións: 3

3 PSOE

Resultado: Maioría

Estado Proposta: Aprobada

6.- ASUNTO: CREACIÓN DA MESA DE COMERCIO.

Con motivo da moción do BNG plantexada en Plenos anteriores, discútese a creación dunha mesa de comercio a fin de fomentar o comercio local.

Proponse pola Alcaldía tras conversas mantidas cos outros grupos municipais a creación dunha mesa que terá como obxectivo informar e promover propostas para fomentar as compras no comercio local, a cal estará composta por 2 membros do grupo municipal do PP, 1 do grupo municipal do PSOE e 1 do grupo municipal do BNG.



Concello de **FRADES**

Ciudadela, 10

15606 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.diamma.es

Os nomeamentos propostos polos grupos municipais son os seguintes: 1 Presidente, Don Manuel Ferreiro Marzoa (PP) e 3 vocais, Don Juan Carlos Portos Bra (PP), D. Enrique Astray Otero (PSOE) e D. Manuel Míguez Villaverde (BNG)

Votacións:

Votos a favor: 10

6 PP

1 BNG

3 PSOE

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada

7.- ASUNTO: **MOCIÓNS.**

1. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 25 DE NOVIEMBRE POR MORDA LOTA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

Os grupos municipais retiran as mocións relativas ao día da loita contra a violencia de xénero e procédese a facer unha declaración institucional por parte de tódolos grupos municipais que é lida por , D^a. María Ángeles Álvarez Carro, a cal se transcribe a continuación:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE FRADES CON MOTIVO DO 25 N: DIA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER.

O pleno do Concello de Frades con motivo do Día Internacional da eliminación da violencia de xénero que se conmemorao día 25 de Novembro, reitera, un ano mais, a súa firme condena de calquera expresión de violencia contra as mulleres, e de todas e cada unha súas manifestacions.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coruña)

Teléf: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@tudesciammi.es

De igual modo, manifestamos a nosa solidariedade coas mulleres vítimas da violencia machista, transmitindo todo o noso apoio a elas, aos seus fillos e fillas e familiares.

Xa na IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres, en Beijing, en 1995, recoñeceuse que a violencia exercida contra as mulleres é un obstáculo para a igualdade, o desenvolvemento e a paz dos pobos, que impide que as mulleres gocen dos seus dereitos humanos e liberdades fundamentais.

A súa erradicación e eliminación é un mandato normativo derivado dos tratados internacionais de Nacións Unidas e a Unión Europea, ratificados polo Estado Español, polo que debe de ser tratada con máxima prioridade nas axendas das distintas Administracións Públicas como garantes dos dereitos das mulleres.

O Pacto de Estado contra a violencia de xénero, validado por unanimidade, supuxo un claro avance logrando unir a todas as forzas políticas e institucionais do país para mellorar a situación das mulleres vítimas e para loitar contra unha situación indigna para calquera sociedade, establecendo estratexias de sensibilización e prevención, atención, asesoramento, acompañamento e protección, sempre desde perspectivas integrais en todos os ámbitos, tales como o laboral, o educativo, o sanitario, o xurídico, o policial e o social.

A eliminación da violencia contra as mulleres é un reto de toda a sociedade, unha tarefa conxunta que require unha actuación unitaria e a máxima coordinación, colaboración e cooperación, sempre desde respecto ao réxime de distribución competencial en

2. MOCIÓN DO PP PARA INSTAR AO GOBERNO A QUE INGRESE AS CONTÍAS DO IVE NON LIQUIDADAS CORRESPONDENTES AO ANO 2017 COMO CONSECUCENCIA DA IMPLANTACIÓN DO SUMINISTRO INMEDIATO DE INFORMACIÓN (SII)

O Alcalde procede a dar lectura da moción presentada co teor literal seguinte:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraidesdiarum.es

galicia^{pp}

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO A QUE INGRESE AS CONTÍAS DO IVE NON DE FRADES LIQUIDADAS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2017 COMO CONSECUENCIA DA IMPLANTACIÓN DO SUMINISTRO INMEDIATO DE INFORMACIÓN (SII).

O Grupo Municipal Popular no concello de FRADES con arreglo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Proposta de **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2017 a Axencia Tributaria (AEAT) implantou un novo sistema de xestión do IVE baseado no **Suministro Inmediato de Información (SII)**, que posibilita a levanza case inmediata dos rexistros de facturación a través da Sede Electrónica da AEAT.

Porén, no informe anual de recadación tributaria da AEAT (ano 2017) constátase que **este novo sistema de xestión do IVE provocou un desprazamento de ingresos ao exercicio 2018.**

Así, expresamente dise no precitado informe da AEAT: *"La entrada en vigor de esta nueva forma de gestión vino acompañada de un retraso en la fecha límite de presentación de las declaraciones mensuales (del 20 al 30 del mes posterior al mes de devengo). La consecuencia fue que las declaraciones devengadas en un mes cualquiera que anteriormente se contabilizaban en el mes siguiente pasaron en su mayor parte a contabilizarse dos meses más tarde. En el conjunto del año, por tanto, solo se contabilizaron, para las empresas acogidas al nuevo sistema, 11 meses de ingresos (el mes de noviembre que antes se recaudaba dentro del año pasó a registrarse en enero del año siguiente). Junto a este desplazamiento de ingresos, el nuevo sistema posibilitó una realización más ágil de las devoluciones, de manera que también por este lado hubo una disminución de ingresos: devoluciones mensuales correspondientes a los últimos meses del año que antes se hubiesen realizado en los primeros meses del siguiente, se realizaron dentro del año 2017. En total ambos cambios significaron un traslado de ingresos de 2017 a 2018 por valor de 4.150 millones".*



Concello de FRADES

Cidadevella, 10

15086 - FRADES (A Coruña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraides.diamanti.es

galicia[®]

Como consecuencia da implantación desta medida, a participación das entidades locais nos Ingresos Tributarios do Estado (ITE) caeu dun xeito significativo. As cuantificacións realizadas superan a cifra dos 750 millóns de euros, dos que 54 millóns corresponderíanlle aos 313 concellos e as 4 deputacións galegas.

O desaxuste contable deriva dunha decisión tomada polo Ministerio de Hacienda cuxo impacto, en virtude do principio de lealdade institucional, debeu ser compensado no exercicio da liquidación. Sen embargo, sucedeu o contrario, obrigouse as entidades locais a reintegrar unhas importantes contías ao Estado en virtude dunha liquidación viciada polo efecto do SII (-32,8 millóns de euros no total de Galicia).

No caso do noso concello a estimación de entregas a conta do ano 2017 foi de 480865,92€ e a participación nos ITE tras a implantación SII reduciuse a 464187,02€, o que nos obrigou a reintegrar ao Estado 16678,90€. Polo tanto, o Estado debería devolvernos esta contía, así como ingresamos os 7549,52€ que nos corresponderían pola liquidación na Participación nos Ingresos Tributarios do Estado se non se aplicouse o SII. Isto faría un total de 24228,43€ (16678,90€+7549,52€).

A FEGAMP e a FEMP reclamaron en varias ocasións ao Ministerio de Hacienda unha solución a esta problemática, asegurando os seus máximos representantes que esta situación non tiña "xustificación real" ou que "ya estamos hablando con el Gobierno de España y claro que se va a recuperar el dinero del IVA".

Porén, os meses pasan e nestes momentos os concellos necesitamos non só recuperar uns ingresos que lexitimamente nos pertencen, senón tamén liquidez para facer fronte as necesidades sanitarias e sociais derivadas da pandemia.

Estamos ante unha situación inxusta e prexudicial para os municipios galegos que vemos diminuída a nosa capacidade de financiamento e os nosos recursos.

Por todo elo, o Grupo Municipal Popular no concello de FRADES, presenta a seguinte:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coñada)

Teléfono: 981 - 09 55 67 y 981 - 09 56 63 Fax: 981 - 09 55 79

E-Mail: concello@fraides.dia.univie.es



PROPOSTA DE ACORDOS

1. **"Declarar o apoio deste concello ás reivindicacións da FEGAMP e da FEMP para que o Goberno de España ingrese ás entidades locais as contías do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do Suministro Inmediato de Información (SII).**
2. **Instar ao Ministerio de Facenda a que ingrese a este concello 24228,43€ en concepto de cantidade non liquidada de IVE correspondente ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do Suministro Inmediato de Información (SII).**
3. **Dar traslado destes acordos ao Ministerio de Facenda, á Xunta de Galicia, a FEGAMP e á FEMP"**

O voceiro do grupo municipal do PSOE, móstrase conforme co exposto dado o escenario actual e formula a enmenda a proposta que a continuación se transcribe:

"Emenda de Modificación da moción presentada polo Partido Popular para instar ao goberno do estado o ingreso da contía do IVE sen liquidar de 2017 que lle corresponde aos concellos; presentada baixo o amparo do artigo 97.5 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais:

A Xunta de Voceiros da Federación Galega de Municipios e Provincias, na súa sesión ordinaria celebrada o día 13 de outubro de 2020, adoptou por unanimidade, entre outros, o seguinte ACORDO:

1.- Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a habilitar, de maneira inmediata, un Fondo Extraordinario para as Entidades Locais, que garanta facer fronte a todas as necesidades postas de manifesto pola crise da COVID-19.

2.- Instar ao Goberno do Estado ao seguinte:

a) Habilitar, de maneira inmediata, un Fondo Extraordinario para as entidades locais que garanta facer fronte as necesidades postas de manifesto pola crise da COVID-19.

b) Conforme ao acordo adoptado por unanimidade na X Asemblea Xeral da FEGAMP celebrada o día 29 de novembro de 2019, e segundo o disposto na resolución Décimo Sexta do Relatorio "Financiamento, competencias e servizos", reitérase a solicitude para que se adopten fórmulas para



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15680 - FRADES (A Condea)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraidesdumra.es

compensar as perdas na liquidación definitiva da PIE correspondente ao ano 2017 derivadas da entrada en vigor do sistema de información inmediata do IVE (efecto SII) cuantificada no caso das entidades locais galegas en máis de 50 millóns de euros.

c) Flexibilizar a disposición da totalidade dos remanentes de Tesourería das entidades locais a calquera clase de investimento que redunde en beneficio da comunidade e de gastos non financeiros.

d) Modificar a lexislación en materia de estabilidade financeira que afecta ás entidades locais (flexibilización da regra de gasto, regulación e límites do endebedamento local e outras cuestións relativas a esta normativa), en consonancia cos acordos adoptados na Asemblea Xeral da FEGAMP do día 29 de Novembro de 2019”.

O Alcalde da o visto bo a enmenda proposta polo voceiro do PSOE.

O voceiro do BNG mostra a súa conformidade coa moción presentada e a correspondente enmenda.

Votacións:

Votos a favor: 10

3 PSOE

1 BNG

6 PP

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta e Moción: Aprobada

3. MOCIÓN DO PSOE CON MOTIVO DA SANIDADE

O voceiro do grupo PSOE procede a lectura da moción presentada que a continuación se transcribe:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15506 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 70

E-Mail: concello@fradesdunomi.es

Grupo Municipal Socialista de Frades



PS de G
PSOE

pacientes crónicos están tendo dificultades para ser atendidos, e mesmo están existindo problemas para conseguir citas para renovación de receitas para os seus tratamentos. Numerosos colectivos médicos están amosando o seu malestar, e como conxunto de todas as súas reivindicacións o maior sindicato médico de Galicia (CESM) ven de iniciar unha folga indefinida nalgúns días de traballo para reivindicar melloras nas condicións laborais e de asistencia.

É preciso recuperar toda a atención presencial posible, porque non é substituíble pola atención telefónica (nos casos en que esta pódase conseguir). Os anuncios do goberno da Xunta de Galicia, nomeadamente por parte de Núñez Feijoo, de que a atención sanitaria debe tender a ser telemática causan moita incerteza.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Frades somete a votación a seguinte MOCION para ser aprobada en Pleno:

O Pleno do Concello de Frades insta o Goberno da Xunta de Galicia a:

1. Iniciar a recuperación da atención primaria presencial para poder ofrecer a mellor calidade asistencial posible.
2. Abrir un proceso de recuperación dos profesionais perdidos nos últimos anos, con especial atención á atención primaria garantindo a cobertura e substitucións dos profesionais dos centros de saúde para non afastar a asistencia da cidadanía.

Procédese polo portavoz do grupo do PP a lectura da enmenda a moción e o seu argumentario:

Instar á Xunta de Galicia a que siga desenvolvendo o Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021 e mantendo o seu compromiso coa dotación de medios humanos e materiais á rede de Atención Primaria de Galicia

ARGUMENTARIO



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15606 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: concello@fraidesdunoma.es

No momento actual estamos a pasar por unha segunda onda da pandemia, e polo tanto faise imprescindible que as persoas con sintomatoloxía compatible con COVID-19 deixen de circular, e unicamente acudan aos centros sanitarios para atención presencial só cando sexa necesario, garantindo sempre as condicións de seguridade para pacientes e profesionais.

E hai unha segunda circunstancia que afecta á presencialidade, que é a labor extraordinaria que os profesionais de primaria están a realizar na detección de persoas sintomáticas, na petición de probas PCR, no seguimento domiciliario das persoas infectadas e no control das residencias de maiores e persoas con discapacidade.

En resumo, as consecuencias da pandemia, tanto na necesidade de reducir no posible o contacto físico como nestas novas tarefas que están a desenvolver os profesionais son o motivo destes cambios na prestación sanitaria que experimentaron os pacientes nestes últimos meses.

Estamos nun momento de transición no que a atención telefónica debe deixar de ser esa "inmensa maioría" da prestación sanitaria e camiñar cara un carácter máis complementario, aínda que manteña con toda seguridade un protagonismo maior que antes da pandemia.

Nese sentido, o SERGAS activou un Plan de reactivación asistencial en atención primaria que recolle que a citación de pacientes se axustará a unha cadencia que minimize as concentracións de persoas, tanto nas salas de espera como nos medios de transporte público.

Tamén recolle a potenciación da consulta telefónica e a atención proactiva a domicilio. Para iso dotouse aos centros de medios de transporte, de forma que os profesionais sanitarios atendan sen demora no seu domicilio ás persoas que o precisen, sempre que teñan dificultades para desprazarse por motivos clínicos.

Para o seguimento dos pacientes crónicos tamén contamos coa plataforma TELEA, que permite a monitorización e o seguimento no domicilio de determinadas patoloxías, e con outras ferramentas como a historia clínica electrónica ou as e-consultas, que poden incorporar imaxes, e utilizarse para facer consultas de



Concello de FRADES

Comarcala, 10

15106 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@nideschamini.es

diferentes especialidades sen que o paciente teña que desprazarse.

Tamén contamos coa hospitalización a domicilio, coa Fundación Pública de Urgencias e Emerxencias Sanitarias 061 con todos os servizos que presta, e os Puntos de Atención Continuada (PAC). Todos forman parte dunha rede ampla para garantir a atención sanitaria durante as 24 horas do día e os 365 días do ano en toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

Hai que salientar que a espera en Atención Primaria para consultas programadas non segue os mesmos parámetros que outras agardas, xa que se trata de pacientes crónicos que precisan ser revisados trimestral, semestral ou anualmente segundo o grado de control da súa enfermidade.

Ademais, a atención telefónica permite facer unha triaxe e clasificar as demandas, garantindo así a atención de xeito escalonado, evitando masificacións e tendo mais protexidos os nosos maiores.

O ritmo de desenvolvemento deste Plan de Reactivación Asistencial ven marcado pola situación epidemiolóxica na nosa Comunidade en cada momento. Na medida en os criterios clínicos indiquen que vai mellorando e os plans e protocolos se vaian revisando poderemos ir ampliando o aforo nos centros sanitarios.

Do mesmo xeito que é con criterios clínicos que os profesionais de primaria están determinando quen acude presencialmente. Conforme a eses criterios, os datos determinan que agora mesmo o persoal de primaria está atendendo de xeito presencial en torno a un 25-30% dos seus pacientes.

Actualmente en Galicia os cupos dos médicos de familia están por debaixo das 1.500 TIS, e tamén é importante salientar que a presión media por cupo non supera os 30 pacientes/día en ningunha área sanitaria, agás imprevistos. Estas eran dúas das demandas dos nosos profesionais, e que foron atendidas.

A día de hoxe foron atendidas todas as persoas que precisaban atención tanto a nivel de atención primaria coma de atención hospitalaria. Os centros de saúde, o 061, os PAC ou servizos de urgencias hospitalarias nunca pecharon.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: concello@fraideschamusa.es

Galicia conta cos suficientes medios para que o acceso telefónico sexa resolutivo e, nunha boa parte dos casos, permita prestar ao paciente a asistencia necesaria evitando o seu desprazamento e con elo, evitándolle incomodidades e riscos.

Dispoñemos dunha atención primaria excelente, accesible e resolutiva, dotada de profesionais competentes, non exenta de dificultades, como as tensións derivadas da

1º) ausencia de persoal substituto e

2º) viraxe socio demográfica cara á cronicidade e á pluripatoloxía, propias do envellecemento, que fan necesaria unha evolución do modelo exitoso do que temos desfrutado ata agora.

Dando o Servizo Galego de Saúde téñense tomado importantes medidas de mellora dende hai anos (OPES anuais, prolongación da idade de xubilación, concurso aberto e permanente, carreira profesional, contrato de continuidade, creación de especialidades en enfermería). Galicia é das poucas Comunidades Autónomas que está realizando convocatorias anuais. De feito a convocatoria da OPE 2020 sairá antes de que remate o ano, pero cunha oferta de 973 prazas e non de 3.500 prazas que eran as que se poderían contemplar se, tal e como se lle ven reiterando ao Goberno Central, houbera levantado a limitación da taxa de reposición para o que se facía falta a vontade política de facelo. Taxa de reposición que non aparece eliminada nos novos Orzamentos do Estado presentados esta mesma semana (martes 27 de outubro) polo presidente Sánchez e Vicepresidente Iglesias.

A Consellería de Sanidade leva tempo traballando no ámbito da Atención Primaria e aplicando medidas para mellorar este ámbito asistencial. Mantense un compromiso e unha aposta firme pola Atención Primaria e entre os feitos que o corroborarán están:

- Galicia conta con 469 centros de saúde e 90 puntos de atención continuada (PAC), e para continuar mellorando a atención sanitaria dos cidadáns e as condicións e medios de traballo para os profesionais, estanse a construír ou licitar novas infraestruturas, e facendo melloras nas existentes.
- Ademais conta con instrumentos, como as novas tecnoloxías, que nos permiten acercarnos máis ao cidadán, e prestar servizos de maneira máis accesible. A plataforma TELEA



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15096 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraides.gal.es

facilita o seguimento das persoas con enfermidades crónicas, a través do Conecta 72 realizamos o seguimento das persoas dadas de alta nos hospitais, e a consulta telefónica proporciona unha accesibilidade óptima para solucionar algunhas cuestións sen que as persoas teñan que desprazarse.

- Dotouse de novo material de diagnóstico (Ecógrafos, retinógrafos, Electrocardiógrafos, etc) destinados aos centros de saúde cun investimento de 1,5 ME.
- Renovouse o equipamento informático dos centros de saúde.
- Creáronse novas prazas tanto de medicina familiar e comunitaria coma de enfermería familiar e comunitaria e enfermería pediátrica, traballo social, farmacia, fisioterapia, etc que se recollen no Plan Galego de AP 2019-2021
- Mais prazas MIR, EIR para formación de especialistas en especialidades deficitarias en AP.
- Contrato de continuidade, o 15 de xaneiro de 2019, a mesa sectorial, aprobou, co apoio das organizacións sindicais CESM-O'MEGA, UGT, CSIF e SATSE o nomeamento estatutario eventual de continuidade no ámbito do Servizo Galego de Saúde.

Durante a pandemia reforzouse o persoal das áreas sanitarias para os equipos de detección e seguimento domiciliario, un proceso no que colaboran primaria e hospitalaria. 269 efectivos para os equipos para a toma de mostras en domicilio e COVID-auto, para o seguimento domiciliario de casos positivos, para medicina preventiva, microbioloxía ou urxencias-061.

A atención centrada no paciente precisa dun traballo moi coordinado entre profesionais rompendo a estanquidade xa que o paciente precisa coidados coordinados integrais e integrados e fomos quen de superar esas barreiras e de verdade poñelo no centro ou eixo do sistema.

Por outra parte, a Lei 1/2018, de 2 de abril pola que se modifica a Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia establece que o Sistema Público de Saúde de Galicia ordénase territorialmente en **áreas sanitarias, distritos sanitarios e zonas sanitarias.**

As áreas sanitarias corresponderalles a xestión integrada de todos os recursos sanitarios asistenciais públicos existentes no seu



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15086 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: concilio.frades@unmsi.es

ámbito territorial, así como as prestacións e programas que se desenvolvan. Os **distritos sanitarios**, que coinciden cos ámbitos xeográficos dos hospitais do Sergas, serán as divisións territoriais das áreas sanitarias e constituirán o marco de referencia de coordinación dos dispositivos de atención primaria, hospitalaria e sociosanitaria. Polo tanto, **unha norma con rango de lei garante a existencia e permanencia dun hospital no seu ámbito xeográfico**. E, por último, **as zonas sanitarias serán as unidades básicas de prestación de servizos sanitarios**.

Pola súa parte, o Decreto polo que se regulan as Áreas Sanitarias e os Distritos Sanitarios do Sistema Público de Saúde de Galicia **reflicte unha nova organización funcional coordinada entre a asistencia primaria e a hospitalaria**, para atender con eficacia ás persoas usuarias da sanidade pública, baixo os principios de optimización de recursos, a eficacia na xestión e a consecución da máxima coordinación.

Nesta nova organización, a atención primaria desempeña un papel clave. Con este decreto, **cada unha das áreas sanitarias contará cunha Dirección de Atención Primaria propia**, co fin de visualizar, poñer en valor e potenciar este primeiro nivel asistencial. Estará diferenciada da Dirección de Atención Hospitalaria, pero sen perder a integración entre ambas e garantindo a continuidade asistencial, situándose as dúas ao mesmo nivel.

Entre as funcións da Dirección de Atención Primaria está a xestión da demanda de servizos sanitarios en primaria, garantindo o desenvolvemento das actuacións de promoción da saúde e prevención da enfermidade. Ademais fomentará a capacidade de resolución da primaria na respectiva área sanitaria, en coordinación cos xefes do servizo das unidades deste nivel asistencial.

O decreto recolle tamén a creación dunha **Comisión de Atención Primaria** en cada área sanitaria. As súas funcións serán:

- estudar o plan estratéxico, os obxectivos, así como, os plans económicos, de equipamento e de recursos humanos no ámbito da atención primaria.
- propoñer e detectar as oportunidades de mellora na práctica asistencial e promover as mellores actuacións para a seguridade de pacientes e profesionais.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15606 - FRADES (A Coruña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 70

E-Mail: concilio@judesdofraides.es

Con este decreto cobra importancia a relevancia do papel dos **xefes de servizo das distintos centros de saúde** da área sanitaria, que formarán parte destas Comisións de atención primaria que terá cada área sanitaria.

O decreto tamén outorga un valor engadido á **participación cidadá**, que ve como aumenta á súa presenza con catro vogais que serán representantes dos concellos da área sanitaria dentro do Consello de dirección de cada área elixidos a proposta da Federación Galega de Municipios e Provincias. Tamén se consolida o **Consello Asesor de Pacientes de Área**.

Por último, cando falan de **redución dos orzamentos de Atención Primaria**, están incluíndo o capítulo dedicado á **farmacia de receitas** que, efectivamente **mostra un descenso acumulado desde o ano 2009 moi importante (máis de 1.300 ME) grazas ás medidas de racionalización e xestión deste goberno que vostedes non apoiaron**.

O voceiro do PSOE móstrase conforme coa enmenda presentada.

O voceiro do BNG móstrase conforme coa moción do PsOE e a enmenda presentada polo PP e denuncia o maltrato ao sistema sanitario público.

Votacións:

Votos a favor: 10

3 PSOE

1 BNG

6 PP

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta Enmenda: Aprobada

4. MOCIÓN DO PSOE CON MOTIVO DA CRECIÓN DUN MODELO EÓLICO INTEGRAL



Concello de FRADES

Cunhaevila, 10

15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 40 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@judescharuna.es

O voceiro do grupo PSOE procede a lectura da moción presentada que a continuación se transcribe:



MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO SOCIALISTA ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), POR UN NOVO MODELO EÓLICO INTEGRAL, PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE FRADES

Galicia tivo un forte desenvolvemento eólico dende o ano 1997 ata o ano 2008 grazas a existencia de recurso eólico non noso territorio e a un marco regulador que favoreceu a implantación de centrais eólicas.

Cos entrada non goberno do PP de Alberto Núñez Feijóo, chegou a falla de aposta polo sector, unido á inseguridade xurídica creada polo novo goberno da Xunta de Galicia, todo isto sumado as políticas de bloqueo ás enerxías renovables que levaron a cabo dende o Goberno do Estado baixo a Presidencia de Mariano Rajoy, chegou a paralización do crecemento do sector eólico ata o ano 2018. Dende o ano 2009 ata o 2018, ambos incluídos, só foron instalados 277 MW. Isto supuxo unha perda millonaria na investimento en Galicia e a creación de miles de postos de traballo.

Non ano 2019, volveu a Galicia o crecemento da potencia instalada en parques eólicos, con 415,24 MW e 18 parques novos, case o dobre do instalado nos 10 anos anteriores e no 2020 chegarase a preto dous 4.000 MW no noso territorio.

As previsións para o decenio 2020-2030 apuntan a que se construírán uns 4.500 MW novos, ou que suporá máis do dobre da potencia instalada actualmente.

O éxito da instalación desa potencia eólica, foi resultado dun marco regulatorio moi determinado, sobre todo a declaración de utilidade pública para os proxectos e a afectación dos terreos, que foi determinante nos distintos procesos de expropiación, este marco regulatorio tivo aspectos positivos, pois incrementou a capacidade instalada e axudou a loitar contra o cambio climático, pero introduciu desigualdades na negociación e unha falla de transparencia cara os propietarios, comunidades rurais e concellos.

A regulación da Xunta de Galicia contemplaba que os beneficios da eólica debían ser repartidos, a través de plans industriais ou dun plan de fomento da enerxía solar, pero moitos dos operadores carecían de plan industrial e outros non realizaron as achegas para ese fomento da enerxía solar. A Xunta de Galicia contemplou certos beneficios comunitarios, de maneira indirecta, pero finalmente non exerceu a súa función fiscalizadora ante os incumprimentos das empresas. De igual maneira, tamén houbo



Concello de **FRADES**

Coma Keivla, 10

15086 - **FRADES** (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: concello@fradesdiarrosa.es

Grupo Municipal Socialista de Frades



PS de G
PSOE

incumprimentos no relativo ao impacto ambiental, pois o 50% desa potencia instalada está en zonas da Rede Natura.

En moitos lugares o éxito no crecemento da instalación de parques eólicos, foi consecuencia da falla de oposición social, derivada dunha alta participación comunitaria e individual, pero en Galicia conseguiuase levar a cabo sen dita participación, causando co tempo conflitos sociais e medioambientais, como figura no propio informe da Valedora do Pobo presentado fai poucas datas e as mobilizacións sociais que existen polas concellos afectados e polo que compre actuar.

Nestes momentos no que ou sector está a experimentar un relanzamento, para o PSdeG-PSOE é importante non repetir os erros cometidos no pasado, equilibrando a negociación entre as empresas instaladoras e os propietarios, nun proceso transparente que sexa unha ferramenta máis para loitar contra o despoboamento do noso rural. O marco regulador concede ao promotor a posibilidade de camiñar cara a expropiación, coa solicitude de declaración de utilidade pública dos parques, incidindo negativamente sobre os propietarios na negociación sobre as rendas que lles pagan. A administración autonómica non fomenta mecanismos de transparencia e información cara os propietarios, comunidades locais e concellos. As autorizacións de explotación eólica carecen de data de caducidade. A veciñanza, comunidades e concellos non reciben a compensación axeitada pola instalación dos parques no seu territorio. A protección ambiental do territorio é deficiente, coa implantación e repotenciación dos parques en lugares próximos ás vivendas e zonas que deberan estar máis protexidas. Non concede a dito mundo rural nin aos seus propietarios de capacidade de decisión sobre a posta en marcha dous parques e non deixou aos axentes rurais capacidade para poder formar parte da planificación do desenvolvemento eólico e fórmulas para autoxestionar o recurso do vento, que se existen noutros países.

Compre traballar entre todos para elaboración dun modelo eólico integral coa participación de todos os sectores implicados, que poña solución aos problemas plantexados.

Por todo o exposto, ou Grupo Municipal Socialista do Concello de Frades somete a votación a seguinte **MOCION** para ser aprobada en Pleno:

"Instando ao Goberno da Xunta de Galicia á elaboración dun Modelo Eólico Integral coa participación de todos os sectores implicados, que poña solución aos problemas plantexados e conteña as seguintes propostas:



Concello de *FRADES*

Cimadevila, 10

15086 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: concello@frades.es

Grupo Municipal Socialista de Frades



- No ámbito económico:
 - Establecer os tipos de gravame nos máximos permitidos para os impostos de xestión municipal vinculados coa actividade eólica.
 - Establecer no Canon Eólico e no Fondo de Compensación Ambiental, que dito canon sexa establecido pola potencia instalada do parque eólico.
 - Utilizar integramente o Canon Eólico para actuar sobre as melloras na contorna dos parques eólicos.
 - Introducción de protocolos de intercambio de información cos actores locais para maximizar o impacto económico no territorio afectado.
- No ámbito da transparencia e participación:
 - Fomentar un “contrato tipo” para favorecer a transparencia e garantías dos propietarios rurais.
 - Fomentar fórmulas de negociación previa entre promotor e propietario previas a un posible inicio de procedemento expropiatorio, co obxectivo de favorecer unha negociación equilibrada.
 - Crear unha base pública de información dúas prezos alcanzados nas negociacións entre as partes afectadas.
 - Reforzar o sistema de asesoramento da administración autonómica para axilizar as demandas de información por parte das comunidades afectadas
- Non ámbito ambiental:
 - Mellorar vos mecanismos sobre as garantías medioambientais dos territorios afectados pola instalación de parques eólicos ou a repotenciación dos existentes, coa protección do territorio pertencente á Rede Natura e as súas futuras expansións.
 - Implementar mecanismos de Información e asesoramento ambiental para as comunidades afectadas pola implantación de parques eólicos
- No ámbito da planificación, en coordinación co Goberno do Estado:
 - Deseño de figuras específicas para o fomento de parques eólicos comunitarios, reservando unha bolsa de MW anuais para a súa posta en marcha.



Concello de FRADES

Cidadevila, 10

15086 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 00 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fradeschamusi.es

Grupo Municipal Socialista de Frades



PS de G
PSOE

« Recuperar a figura dos parques eólicos singulares ou outra figura de propiedade pública municipal. »

En Frades , a 6 de Novembro de 2020

O portavoz do grupo Popular da resposta a moción presentada polo grupo do Psoc:

Non estamos dacordo coa implantación de parques eólicos no noso concello nin no noso entorno comarcal mais próximo porque non consideramos que sexan os lugares mais idóneos para súa implantación o tratarse de terreos productivos tanto agrícolas como forestais e ademais totalmente concentrados e moitos deles vinculados a subvencións da Pac.

Pero non estamos dacordo coa moción do grupo do Psoc que quere botar abaixo o plan eólico de Galicia aprobado con maioría no parlamento galego polo que presentamos o seguinte **ARGUMENTARIO:**



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15086 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 70

E-Mail: concello@fraidesgalego.es

MARCO NORMATIVO

O desenvolvemento do sector eólico en Galicia, regulado a nivel autonómico pola Lei 6/2009, estase a levar a cabo conforme á lexislación e ao marco normativo esencial fixado a nivel nacional:

- Lei 24/2013 do Sector eléctrico e o Real Decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos
- Lei do 16 de decembro de 1954 de Expropiación Forzosa e o seu Regulamento, o Decreto do 26 de abril de 1957
- Así mesmo, o Plan Nacional Integrado, o proxecto de Lei de Cambio Climático e a Estratexia de Transición Xusta son os tres alicerces esenciais -explica o Goberno do Estado- cuxo efecto suma garante que *España conte cun marco estratéxico estable e certo para a descarbonización da súa economía. En palabras do Goberno, constitúen "o marco estratéxico que facilita unha transformación da economía española na que o país gañará en prosperidade, seguridade enerxética, xeración de emprego industrial, innovación, saúde, desenvolvemento tecnolóxico e xustiza social, acompañando aos colectivos máis vulnerables"*.

MODELO EÓLICO GALEGO

Cal é o modelo eólico do PSdeG? O do Observatorio Eólico de Galicia, o do Bipartito (con dous concursos eólicos anulados por sentenza firme, o terceiro eólico anulado pola Lei 6/2009) ou do seu Goberno en Madrid, que non cambia a lexislación básica e que vén de aprobar un novo réxime económico para as enerxías renovables.

O modelo da Xunta de Galicia é que avoga por favorecer o seu impulso sempre que sexa compatible co resto de actividades económicas -neste caso, principalmente, vinculadas ao sector primario e forestal- e desde o máximo consenso con todas as



Concello de FRADES

Comarcala, 10

15686 - FRADES (A Coruña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: concello@fraidesdiagonal.es

partes implicadas (en particular, cos propietarios particulares e comunidade de montes onde se instalan os proxectos eólicos), **respectando os acordos** que poidan alcanzar entre promotores dos proxectos e propietarios dos terreos.

Neste eido, recordar:

1) Que o artigo 32 da Lei 8/2009 pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia (aprobada polo PPdeG en decembro establece que **'Quedan excluídos da implantación de novos aerogeradores aqueles espazos naturais declarados como zonas de especial protección dos valores naturais por formen parte da Rede Natura 2000, conforme a normativa vixente en cada momento. Exceptúanse do anterior as modificacións de parques eólicos en explotación cando dita modificación supoña unha redución de, polo menos, o 50 % dos aerogeradores previamente instalados na devandita zona de Rede Natura'**.

2) Que **a lexislación permite que, tanto concellos coma as comunidades, poñan en marcha un parque eólico se se poñen en contacto cunha empresa que presenta os debidos avais técnicos e económicos.**

3) Actualmente **xa existen mecanismos de información ambiental para as partes pola implantación de parques eólicos ou calquera outro proxecto obxecto de tramitación administrativa (Lei de Transparencia)**

IMPORTANCIA DO EÓLICO GALEGO

As renovables e, en concreto o sector eólico supoñen unha **oportunidade para crear emprego e riqueza en Galicia. A Xunta seguirá traballando para que os proxectos que se desenvolvan na Comunidade garantan a compatibilidade da produción de enerxía eólica coa protección e sustentabilidade do medio ambiente. Así contaremos cada vez cunha Galicia máis verde.**

Galicia, que está por riba da media estatal e europea en termos de produción e consumo de renovables, segue apostando polo **desenvolvemento das enerxías autóctonas e, en concreto, do sector eólico como fonte de riqueza e emprego a través dun impulso ordenado con todas as garantías técnicas, ambientais e urbanísticas.**



Concello de FRADES

Comarkvía, 10

15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.duromi.es

Avogamos por favorecer o seu impulso sempre que sexa **compatible co resto de actividades económicas** – neste caso, principalmente, vinculadas ao sector primario e forestal– e desde o **máximo consenso** con todas as partes implicadas (en particular, cos propietarios forestais e comunidades de montes), respectando os acordos que poidan alcanzarse entre promotores dos proxectos e propietarios dos terreos.

Galicia, que é a terceira CCAA con máis potencia eólica instalada (só por detrás das dúas Castelas), debe seguir avanzando nesta liña. Na actualidade, están **en funcionamento 180 parques** que suman unha potencia instalada de 3.800MW, coa previsión de **desenvolver 450MW ao ano ata 2030**.

- Só durante o ano pasado, puxéronse en marcha **18 proxectos (415MW)**, o que se traduciu nun investimento de **509M€**, creando durante a súa fase de construción preto de **2.400 empregos**.

TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA

Por último, a **tramitación administrativa** que se realiza no procedemento de autorización dun parque eólico conta con **todas as garantías xurídicas, técnicas e ambientais correspondentes antes de emitir unha resolución ambiental en sentido positivo ou negativo**.

En todo estudo de impacto ambiental, tanto do proxecto dun parque eólico, como das liñas eléctricas de evacuación, **os promotores teñen que presentar**, entre outra documentación, **un estudo de sinerxias ambientais coas infraestruturas existentes na zona que están en funcionamento, pero tamén coas que están previstas e en tramitación**, para poder realizar unha análise ambiental conxunta **previa á emisión da Declaración de Impacto Ambiental de cada proxecto**.

A Xunta garante un desenvolvemento ordenado do sector, salvagardando o territorio.

O voceiro de BNG móstrase a favor das enerxías eólicas pero entende que o Concello de Frades non é a ubicación idónea para a mesma.

Votacións:

Votos a favor: 4

3 PSOE 1BNG

Votos en contra: 6 PP

Abstencións:0

Resultado: Maioría do grupo popular

Estado Proposta: Rechazada



Concello de FRADES

Comarkvila, 10

15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fradesduran.es

5. MOCIÓN DO PSOE CON MOTIVO DA CRECIÓN DUNHGA CANLE DO XABARÍN

O voceiro do grupo PSOE procede a lectura da moción presentada que a continuación se transcribe:

CONCELLO DE FRADES
(A Coruña)

06 NOV 2020

Grupo Municipal Socialista de Frades



PS de G
PSO

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO SOCIALISTA ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), DE APOIO Á CAMPAÑA E PROPOSICIÓN NON DE LEI DE INICIATIVA POPULAR PARA UNHA CANLE XABARIL CLUB NA TVG E MÁIS E MELLOR DIFUSIÓN DE PROGRAMACIÓN INFANTIL E XUVENIL EN GALEGO IMPULSADA POLA MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE FRADES

Exposición de motivos

A mediados dos 90 do século XX, Galiza situouse á vangarda dos contidos infantís e xuvenís coa programación do Xabaril Club da Televisión de Galiza. Con ela, non só contribuíu decisivamente á normalización da lingua galega senón tamén á difusión da música, da produción audiovisual e escénica desenvolvida no país.

Esta situación mudou. Hoxe, a lingua galega é a única oficial no Estado español que non conta cunha canle de emisión continuada de programación infantil e xuvenil. O resultado disto é que só o 4,6% da programación semanal está en galego, caendo ao 2,7% na fin de semana.

A través de canles como Clan, Super3 ou ETB3 todas as crianzas, rapaces e raparigas do Estado español agás as galegas poden gozar dos mellores contidos televisivos na súa lingua.

Cómpre ter en conta que as novas xeracións adoitan consumir contidos noutros dispositivos como tabletas ou móbiles, polo que as aplicacións dos medios dedicadas aos contidos infantís tamén son moi importantes. Neste sentido, Clan TV de TVE ten unha aplicación que, ademais, dispón de diferentes actividades mais a pesar de ser unha canle pública, exclúe a opción en galego. Mentres, a App Xabaril da TVG, está sen actualizar desde 2018 e xa non é posíbel a descarga en dispositivos Android.

Temos unha corporación pública con boas e bos profesionais que cómpre dotar de máis e mellores medios técnicos para ser unha ferramenta eficaz e de primeira orde para a normalización lingüística na mocidade.

Para permitir o visionado na lingua propia das series e filmes máis vistos, os gobernos vasco e catalán chegaron a acordos con plataformas como Movistar + para a emisión de todos os seus contidos coa opción de lexendado nas súas respectivas linguas.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15086 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: concello@judesdumma.es

Grupo Municipal Socialista de Frades



PS de G
PSOE

Non hai ningún motivo para que a infancia e mocidade galega non conte coas mesmas opcións para a visualización de contidos audiovisuais de éxito na súa lingua que se vivise en calquera outro territorio do Estado.

A Lei 6/1999, do 1 de setembro, do Audiovisual de Galiza, recolle nos seus artigos 1º, 4º e 5º, a importancia cultural, económica, social e para a normalización lingüística das actividades do sector audiovisual, recoñecendo o seu carácter estratéxico.

Na mesma liña a TVG, nos principios xerais de programación, dentro do seu portal de transparencia sinala que o "especial papel correspóndelle á TVG e á Radiotelevisión á hora de contribuir á normalización da lingua galega e á difusión da cultura propia de Galiza".

No Estado español, a Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, recolle no seu capítulo I do título II, a garantía dos dereitos dos cidadáns e cidadás a recibir contidos en condicións de pluralismo cultural e lingüístico. Deste xeito, no artigo 4º di que "os operadores de titularidade pública contribuirán á promoción da industria cultural, en especial á de creacións audiovisuais vinculadas ás distintas linguas e culturas existentes no Estado"; e no artigo 5º, que "as comunidades autónomas con lingua propia poderán aprobar normas adicionais para os servizos de comunicación audiovisual do seu ámbito competencial co fin de promover a produción audiovisual na súa lingua propia".

A lingua galega precisa espazos de uso, de reprodución e socialización para existir e desenvolverse. O galego debe estar "en todo e para todo", en palabras de D. Ricardo Carvalho Calero. A exclusión ou a inferioridade de condicións no ámbito audiovisual impide calquera política real a favor da normalidade plena do noso idioma.

O goberno galego conta con importantes recursos para tomar realidade a demanda cidadá para que o galego estea presente e dispoñible en todos os espazos, nomeadamente para a infancia e a mocidade.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Frades somete a votación a seguinte **MOCION** para ser aprobada en Pleno:

- **Manifestar o seu apoio á Proposición Non de Lei de Iniciativa Popular impulsada pola Mesa pola Normalización Lingüística PARA UNHA CANLE XABARIL CLUB NA TVG E MÁIS E MELLOR DIFUSIÓN DE PROGRAMACIÓN INFANTIL E XUVENIL EN GALEGO e a vontade de contribuir ao desenvolvemento da campaña.**



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15060 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 00 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fradescharra.es

Grupo Municipal Socialista de Frades



PS de G
PSOE

- Instar ao Parlamento de Galiza e ao Goberno da Xunta de Galiza a que tomen as medidas necesarias para:

1) O aumento da oferta en galego destinada á infancia e mocidade nas televisións públicas a través dunha canle Xabaril, con programación dirixida ao público infantil e xuvenil e dispoñible en todas as plataformas de contidos audiovisuais así como App actualizadas que contén ademais con programas e xogos co fin de garantir nesta canle en galego, a presenza de contidos atractivos, de éxito, actuais e pasados, así como contidos educativos e de produción galega.

2) Que a Corporación de Radio Televisión Española emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa App.

3) Que o goberno galego chegue a acordos con outras administracións e empresas co fin de garantir a opción dobrada e lexendada ao galego en todas as plataformas dixitais de televisión, así como a impulsar as accións necesarias para a recepción mutua RTP - TVG en Galiza e Portugal segundo o contemplado na Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias.

Procédese a lectura polo portavoz do grupo popular dunha enmenda a moción, que a continuación se transcribe:

Os acordos relativos a que TVE emita en versión dobrada en galego (apartado 2) e a recepción de RTP-TVG en Galicia e en Portugal (apartado 3) son asuntos de competencia exclusiva estatal polo que estes acordos deben instarse- non a Xunta , nin o Parlamento de Galicia- senón ao Goberno central e ás Cortes Xerais



Concello de FRADES

Cunalevila, 10

15686 - FRAIDES (A Coruña)

Teléfono 981 - 69 55 67 y 981 - 00 56 03 Fax 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraidescamuna.es

En relación á programación infantil e xuvenil na TVG (apartado 1) debe presentarse a seguinte **EMENDA TRANSACCIONAL**:

Instar a Corporación RTVG a seguir reforzando a súa oferta de programación infantil e xuvenil con contidos atractivos, actuais e pasados, así como con contidos educativos e de produción galega, nos horarios de maior consumo dos máis novos, facéndoo accesibles a través da web e da app Xabarín TVG

ARGUMENTARIO

CANLE XABARÍN

Como consecuencia do despregamento da nova tecnoloxía 5G, o mes pasado (1 de outubro de 2020) concluíu en Galicia o proceso de implantación do segundo dividendo dixital polo que se liberaron unha serie de frecuencias do espazo radioeléctrico ocupadas por canles TDT (televisión dixital terrestre) para que poidan ser utilizadas por operadores de telefonía. Este proceso afectou a numerosos fogares galegos que tiveron que resintonizar as súas antenas comunitarias.

O actual modelo TDT ten garantida a súa existencia unicamente ata 2030. Polo tanto, non parece moi oportuno propor a ampliación do Plan Nacional de Frecuencias da TDT nun momento en que este servizo está en retroceso e con data de caducidade. En definitiva, unha nova canle (Canle xabarín) obrigaría a dispor dun espazo radioeléctrico co que Galicia non conta, salvo se rebalxe a calidade da emisión das dúas canles da TVG. É dicir, o camiño contrario ao percorrido, xa que desde hai poucas datas (febreiro de 2020) a TVG foi a primeira televisión con máis dunha canle en España que as emite todas en alta definición (HD) na TDT.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@judesdiamasa.es

PROGRAMACION INFANTIL E XUVENIL

A programación infantil na segunda canle (TVG2) sumou no 2019 máis de 2.100 horas, emitíndose tanto produtos de longo recorrido como os máis novidosos froito dos acordos asinados no marco da FORTA.

A Corporación RTVG xa conta con dúas canles en televisión e radio de emisión continua de contidos infantís en galego. Estas canles emítense a través de apps e da web da crtvg e son Xabarin TVG e Radio Picaríña (esta última con máis dun milleiro de cancións).

A TVG está plenamente sensibilizada coa promoción da lingua galega entre o público infantil e xuvenil. Boa mostra é a concentración da programación infantil e xuvenil na TVG2 nos horarios de maior consumo dos máis novos, facendo un total de seis horas diarias de luns a venres, sete o sábado e catro o domingo. En total, 41 horas semanais.

A TVG xa é a canle máis vista polos mozos de 14 a 23 anos. Así e todo, estase traballando na configuración dunha plataforma de contidos baixo demanda (OTT) e apostando por programas de produción propia como *A pía cega*, pola adquisición de produtos de *Dreamworks*, unha das mellores factorías da animación, ou pola emisión de novos programas da familia *Os Bolechas* ou dunha serie xuvenil como *Merli*.

En definitiva, a TVG apostou e seguirá apostando pola emisión de contidos audiovisuais en galego e de calidade entre a infancia e a mocidade de Galicia.

ACORDOS COAS PLATAFORMAS DIXITAIS DE TELEVISIÓN PARA GARANTIR A EMISIÓN DOBRADA EN GALEGO

A súa aposta é apoiar economicamente a multinacionais como Netflix, HBO, Amazon Prime, Apple TV, etc. con subvencións millonarias. Esa é a súa opción. A nosá é outra: defender, promocionar e apoiar o sector audiovisual galego e en galego

Un audiovisual, o galego, que ten 2.500 empregos directos; por tanto, dinamiza a nosa economía, pero, ao mesmo tempo, dinamiza a nosa lingua, a nosa cultura e o noso país. Un sector que ten como plató Galicia e como lingua, nunha boa parte dos casos, o galego.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coñía)

Telef: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax 981 - 69 55 79

E-Mail: conceo@fraidesdiarino.es

Esa é a nosa aposta, e non encher as arcas das multinacionais americanas. Nas carteleiras e plataformas dixitais de todo o mundo hai películas galegas e series de versión orixinal en galego. Esa é a nosa aposta e agardamos que a Xunta siga apoiando ao sector audiovisual galego.

EMISIÓN DE TVE EN VERSIÓN DOBRADA EN GALICIA E RECEPCIÓN RTP-TVG EN GALICIA E PORTUGAL
Ambas materias non son da competencia nin da Xunta de Galicia, nin do Parlamento, senón en todo caso do Goberno central e das Cortes Xerais. Polo tanto, deben dirixir a eles ambas reclamacións.

O voceiro do BNG mostra a súa conformidade coa moción e ca enmenda.

Votacións:

Votos a favor: 10

3 PSOE

1 BNG

6 PP

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta e enmenda: Aprobada

5.-ASUNTO: INFORMES.

1. Máquinas do Fondo de Compensación

O Alcalde informa xa se entregaron as máquinas relativas a subvención concedida polo Fondo de Compensación.

2. Proxectos de turismo

O Alcalde informa que a Xunta fará unha aportación dun 65% para promover proxectos de turismo e a idea e adecuar a parte de arriba do edificio do multiusos para a mostra etnográfica

3. Obradoiro de emprego



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15086 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fradesdiagrama.es

O Alcalde informa sobre o Obradoiro de emprego que se realizará conxuntamente con Mesía e Ordes cunha subvención da Xunta de Galicia de 346.000€ que dara traballo 20 alumnos e 5 técnicos nas especialidades de conservación e mellora de montes e repoboacións forestais e tratamentos silvícolas

4. Folleto de actividades

O Alcalde informa sobre o folleto de actividades de inverno coas especialidades derivadas do COVID.

5. COVID

O Alcalde informa sobre os casos de COVID-19 no Concello, sendo un o único computado a día de hoxe.

6.- ASUNTO: ROGOS E PREGUNTAS

- O voceiro do PSOE pregunta pola pista que une a AC-524 a altura de Abellá co Vilar de Arriba en Frades, foi un proxecto incluído no Plan Complementario POS+2020. A nosa pregunta é cando se iniciaran as obras porque a pista presenta varios defectos no pavimento e indícase polo Alcalde que este proxecto non foi aprobado definitivamente pola Deputación da Coruña o non asignar mais fondos o Pos + 2020 como si o fixo o ano Pos + 2019

- O voceiro do PSOE pregunta pola limpeza da pista de Fontao e indícase polo Alcalde que está previsto facelo e limpiar as cunetas.

- O voceiro do PSOE manifesta que as queixas dalgún veciño que nos di que hai rodas arrimadas aos colectores do lixo, aínda que sabemos que non se poden depositar alí, non habería maneira de retiralas. Sinalase dende a Alcaldía que deberá advertirse e que non debería habelas xa que está prohibido e nos talleres ao substituír os neumáticos xa e obrigatorio o seu reciclaxe, non se poden levar nin ao punto limpo, de todas formas mirárase de proceder a súa retirada.

- O voceiro do PSOE pregunta por unha farola na zona de Fontelo que se encende e apaga e indícase polo Alcalde que se toma nota e se avisará aos servizos de mantemento.

- O voceiro do BNG pregunta pola problemática do transporte público. Pola Alcaldía respondese que o mantemento do autobús da feira según averiguacións que se suspendeu por motivo de suspender as feiras por culpa do covid pero que se falara coa empresa a ver por que non retoma o servizo o volver a realizarse o mercado semanal.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15606 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraidesdiamunt.es

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Sr. Alcalde- Presidente levanta a sesión cando son as 16:40 horas, no lugar e data indicados, coa sinatura do Alcalde-Presidente e da Secretaria- Interventora que dá fe.

A SECRETARIA

Asdo :Nieves Mandayo Vázquez

Vº. e Pr

O ALCALDE

Asdo.: Roberto Rey Martínez